PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026731	IES Campo de San Alberto	Noia	2026/2027

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introdución

Esta programación didáctica para a materia Historia de España de 2º curso de bacharelato, ten como referencia o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato en Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia Historia de España á realidade socieducativa do IES Campo de San Alberto (CSA) de Noia e, nomeadamente, do alumnado no 2º curso de Bacharelato.

A materia de Historia de España introduce ao alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, a interpretación e a comprensión da realidade na que vive. A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara as fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara a sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres de calquera grupo étnico e relixioso, o respecto e a protección dos dereitos humanos, a non-discriminación a ningunha persoa e compromiso coa defensa dos valores democráticos. Por iso esta materia fornece ao alumnado unha visión útil e funcional do pasado colectivo coa finalidade de promover unha cidadanía activa e implicada nunha vida sustentable a nivel ecosocial.

A aproximación á metodoloxía da investigación histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, a utilización precisa de vocabulario específico e o coñecemento das principais teorías e correntes académicas no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e o tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias etc.

Procuraremos que desenvolvan todas estas capacidades utilizando metodoloxías activas, a análise de fontes primarias e secundarias e, sobre todo, a observación atenta do espazo social no que desenvolven a súa experiencia vital porque a contorna territorial e relacional é un recurso didáctico que mellora as aprendizaxes significativas e competenciais das persoas alumnas nas materias de Xeografía e Historia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	1-2	3	1	3	12-31-40	1-2-4	2	1
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	2-3	1-2-3	2	1	31-40	1-2-3-4	1	1-2-31

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sustentabilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.	3	3	1-2-4	1-2	12-20-31	1-2-4	3	1
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4-5	1-3	2-4	1-3	20-31-40	1-2-3-4	1	1-2
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	1-3	1-3	2-4	2	12-31-40	1-2-3-4	1	1-31
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analoxías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.	1-2	1-3	2-4	1	11-20-40	1-2-3-4	2	1-2-31
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	1-2-3-4	2-3	2	1	11-12-31-40	1-2-3	2	1-2-31

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico, para o desenvolvemento da iniciativa, do traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.	2-4	1-3	2-3	1	11-31-32-40	1-2-3	2-3	1-2-32

Descrición:

A escolla de obxectivos está determinada polo marco curricular da materia establecido no decreto de referencia.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As nosas orixes históricas: dende a romanización de Hispania ata a unión dinástica dos Reis Católicos	Nesta unidade didáctica inicial estudarase o período correspondente ás denominadas Idade Antiga e Idade Media, con especial atención ás particularidades de Galicia (sociedades castrexas, Revolta Irmandiña etc.). Previamente, dedicarase unha sesión a analizar cuestións xenéricas relativas ao estudo da Historia (metodoloxía, fontes...).	5	5	X		
2	A España dos Habsburgo e o reformismo dos Borbón: grandezas e miserias dun imperio global	Nesta unidade didáctica estudarase o período comprendido entre o nacemento das primeiras monarquías autoritarias, co exemplo dos Reis Católicos, ata a chegada do absolutismo coa dinastía Borbón. Prestarase especial atención ás particularidades propias da historia de Galicia (posicionamento na guerra tras a morte de Enrique de Trastámara, reformismo borbónico etc.).	5	9	X		
3	A fin do vello réxime absolutista, estamental e señorial (1788-1833) e o nacemento da nación (política) española	Nesta unidade didáctica estudarase a chegada do liberalismo a España no contexto da guerra cos franceses (1808-1814) e as loitas absolutismo-liberalismo. Prestarase especial atención ao nacemento do sistema constitucionalista e ás características da 1ª constitución española, a constitución de 1812.	10	9	X		
4	A construción do Estado liberal de Dereito durante o reinado de Sabela II (1833-1868)	Nesta unidade didáctica estudarase o período histórico entre a morte de Fernando VII en 1833, e o inicio do chamado Sexenio Democrático tras a revolta de 1868. Prestarase especial atención ás loitas entre o absolutismo e o	10	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A construción do Estado liberal de Dereito durante o reinado de Sabela II (1833-1868)	liberalismo, e á división do liberalismo como base de futuras diferenzas ideolóxicas plasmadas nos diferentes partidos políticos.	10	7	X		
5	As mudanzas do Sexenio Democrático (1868-1874) e a frustración da primeira experiencia republicana.	Nesta unidade didáctica estudarase o chamado Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas, relacionado co triunfo do liberalismo democrático e as primeiras ideoloxías de carácter republicano.	5	5	X		
6	A economía e a sociedade españolas no sec. XIX	Nesta unidade didáctica estudarase a evolución económica e social durante o século XIX: reforma agraria, revolución industrial e nacemento do movemento obreiro.	5	6		X	
7	Modernización económica sin democratización: a segunda Restauración Borbónica (1875-1902)	Nesta unidade didáctica estudarase a implantación e os trazos do denominado sistema de Restauración Borbónica, entre 1874 e 1902.	10	7		X	
8	A crise política do sistema liberal e a ditadura de Primo de Rivera (1902-1931)	Nesta unidade didáctica estudarase a denominada crise da Restauración, coa desarticulación do sistema canovista, ata a chegada da ditadura de Primo de Rivera (1923-1931).	10	6		X	
9	A primeira experiencia democrática da Historia de España: os desafíos da Segunda República (1931-1939)	Estudarase a proclamación, desenvolvemento e etapas da II República (1931-1936), con especial atención ás diferentes forzas políticas e á constitución de 1931. Prestarase especial atención á consecución do dereito ao voto das mulleres na devandita constitución.	10	10		X	
10	As causas e as consecuencias da Guerra Civil (1936-1939)	Estudarase o período comprendido entre 1936 e 1939 durante o que desenvolve unha guerra civil, tras o fracasado golpe de estado dun grupo de militares reaccionarios apoiados por milicias carlistas e fascistas. Analizarase a evolución da guerra, as derivas ideolóxicas, a dimensión internacional da mesma e sobre todo as características e consecuencias da violencia política perpetrada nas retagardas.	10	3			X
11	A ditadura de Franco (1939-1975): características, evolución política e consecuencias para a sociedade española	Estudarase a ditadura de Francisco Franco, desde a súa chegada ao poder nos primeiros meses de guerra, a represión o longo dos case 40 anos, a institucionalización do réxime e a evolución do mesmo ata a morte do ditador en 1975.	10	10			X
12	A recuperación das libertades, a construción dunha sociedade democrática e a modernización de España dende a Transición (1975-1978) ata o presente	Estudarase a evolución histórica desde a morte do ditador, a transición á actual democracia, e os acontecementos máis salientables tras a consolidación do sistema, superada a intentona golpista do 1981, ata os nosos días. Prestarase especial	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	A recuperación das libertades, a construción dunha sociedade democrática e a modernización de España dende a Transición (1975-1978) ata o presente	atención ás particularidades de Galicia (estatuto de autonomía, Prestige etc).	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As nosas orixes históricas: dende a romanización de Hispania ata a unión dinástica dos Reis Católicos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica o carácter das fontes históricas, dando resposta á proba escrita que se realice e cun nivel suficiente e satisfactorio.	PE	80
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a evolución territorial da actual España desde a dobre perspectiva, dos reinos cristiáns e musulmáns.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Explica as características dos principais procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, identificando as súas causas e consecuencias.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Atopa información de interese sobre a importancia cultural dun feito histórico, elaborando mapas e liñas de tempo, e localizando as fontes adecuadas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e

Contidos
- acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia.

UD	Título da UD	Duración
2	A España dos Habsburgo e o reformismo dos Borbón: grandezas e miserias dun imperio global	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica os cambios no modelo de monarquía que caracterizan o paso dunha monarquía de tipo feudal ao modelo propio do Antigo Réxime, identificando os feitos históricos máis relevantes do período.	PE	80
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante os séculos XV e XVI e as súas consecuencias.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Interpreta, a partir de diferentes fontes, a evolución territorial do actual estado español e, no seu contexto, a da actual Galicia.	TI	20
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Interpreta, a partir de diferentes fontes, o papel das crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do Estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central

Contidos
- da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os decretos de nova planta e a crise do Antigo Réxime. - O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a «revolución dos presos». - Relixión, Igrexa e Estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.

UD	Título da UD	Duración
3	A fin do vello réxime absolutista, estamental e señorial (1788-1833) e o nacemento da nación (política) española	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Coñece o marco cronolóxico e os principais feitos que enmarcan o paso do Antigo Réxime ao Liberalismo na historia de España.	PE	80
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Identifica a loita absolutismo-liberalismo durante o reinado de Fernando VII recoñecendo as diferenzas ideolóxicas entre ambos modelos.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica, a partir de diferentes fontes, os conceptos históricos base: absolutismo, liberalismo, constitución etc.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.

UD	Título da UD	Duración
4	A construción do Estado liberal de Dereito durante o reinado de Sabela II (1833-1868)	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a transición definitiva do Antigo Réxime a un sistema liberal burgués durante o reinado de Isabel II.	PE	80
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Interpreta a través do uso de diferentes fontes o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, recoñecendo os elementos propios dos liberalismos moderado e progresista, a través das diferentes cartas constitucionais.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Interpreta a través do uso de diferentes fontes o papel dos militares no período, analizando os pronunciamentos e observando e as consecuencias derivadas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.

UD	Título da UD	Duración
5	As mudanzas do Sexenio Democrático (1868-1874) e a frustración da primeira experiencia republicana.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica os elementos propios do liberalismo democrático recollidos na constitución de 1869 e identifica as etapas políticas do Sexenio Democrático.	PE	80
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Identifica os elementos propios do liberalismo democrático recollidos na constitución de 1869 e no proxecto de constitución federal, identificando as etapas políticas do Sexenio Democrático.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza, a través do uso de diferentes fontes, os elementos esenciais do período (sufraxio universal, republicanismo etc.) en relación coa evolución posterior.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.

UD	Título da UD	Duración
6	A economía e a sociedade españolas no sec. XIX	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Interpreta a evolución demográfica e social de España ao longo do S.XIX en relación ao seu marco histórico.	PE	80
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Analiza as transformacións económicas do período en relación ao marco histórico-político liberal (desamortizacións, industrialización etc).		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Analiza as transformacións sociais e económicas do período en relación ao novo sistema político liberal, así como a relación coa súa evolución posterior.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Interpreta a través do uso de diferentes fontes os trazos esenciais da evolución económica e social no período sinalado.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia. - As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións.

Contidos
- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía. - Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar. - Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural. - A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
7	Modernización económica sin democratización: a segunda Restauración Borbónica (1875-1902)	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza o sistema político da Restauración e a súa evolución ao longo dos diferentes reinados e rexencias.	PE	80
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Describe as diferentes derivas ideolóxicas do liberalismo neste período, as constitucións en vigor e os principais feitos históricos do período.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica a través de diferentes fontes os elementos definitorios do sistema da Restauración, e as novas correntes que conducen á propia crise do sistema.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.

Contidos
- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
8	A crise política do sistema liberal e a ditadura de Primo de Rivera (1902-1931)	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza os aspectos básicos (causas, feitos e consecuencias) da crise do sistema da restauración ata desembocar na ditadura de primo de Rivera.	PE	75
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Analiza as causas da quebra do sistema político da Restauración, identificando os factores internos e externos que desembocan na ditadura de Primo de Rivera e, á súa vez, nas eleccións que levan á proclamación da II República.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza, a través do uso de diferentes fontes, os elementos esenciais do período.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
9	A primeira experiencia democrática da Historia de España: os desafíos da Segunda República (1931-1939)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica os aspectos relevantes do proceso que leva á proclamación da II República, os aspectos máis salientables do seu desenvolvemento e as forzas opositoras que desembocan no inicio da Guerra Civil.	PE	70
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de Estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do Franquismo.	Identifica os aspectos máis relevantes das grandes reformas estruturais acometidas na II República e os cambios producidos nas diferentes etapas.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Identifica, a través do uso de diferentes fontes, a transcendencia da lexislación do período na defensa dos dereitos da muller.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza, a través do uso de diferentes fontes e de xeito crítico, as distintas forzas ideolóxicas e políticas do período.	TI	30
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identifica, a través do uso de diferentes fontes, as distintas forzas políticas e ideolóxicas que interveñen nos acontecementos do período, e o seu rol nos diferentes acontecementos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Identifica, a través do uso de diferentes fontes, ás protagonistas do debate sobre a concesión do voto feminino, e outras mulleres salientables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.

UD	Título da UD	Duración
10	As causas e as consecuencias da Guerra Civil (1936-1939)	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza, a través do uso de diferentes fontes, os trazos ideolóxicos das distintas forzas, nacionais e periféricas, e o seu papel no acontecer do período, con especial atención ao referido a Galicia.	PE	60
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a Guerra Civil, identificando as causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos ata o triunfo das forzas golpistas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Compara, en diferentes fontes, o papel outorgado á muller en cada un dos bandos.	TI	40
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Explica, a partir do uso de diferentes fontes, o diferente papel das mulleres no conflito, no lado republicano e no lado sublevado.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Explica, a partir do uso de diferentes fontes, o papel da propaganda no conflito bélico e na inmediata posguerra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - O golpe de Estado de 1936. A Guerra Civil e o Franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.

UD	Título da UD	Duración
11	A ditadura de Franco (1939-1975): características, evolución política e consecuencias para a sociedade española	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza o proceso de institucionalización do réxime cara a un sistema ditatorial e a represión política e ideolóxica.	PE	70
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as características do franquismo e a súa evolución no tempo, especificando as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron en relación co contexto internacional.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Analiza en diferentes fontes as transformacións que experimenta a sociedade española nas distintas etapas da ditadura franquista e, en especial, o papel da muller, sen esquecer as principais figuras femininas na oposición (A Pasionaria...).	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.

UD	Título da UD	Duración
12	A recuperación das libertades, a construción dunha sociedade democrática e a modernización de España dende a Transición (1975-1978) ata o presente	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza o proceso político iniciado coa morte do ditador Franco en 1975, a consolidación dun sistema democrático e o momento actual.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Analiza a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno de 1979 ata a crise de 2007, sinalando as ameazas ás que se enfronta e os efectos da integración na Unión Europea.		
CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	Analiza o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e a constitución do estado das autonomías.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Analiza a través do uso de diferentes fontes a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea.	TI	30
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Analiza, a través do uso de diferentes fontes, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do Estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo Estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Describe a evolución do estado do benestar nas últimas décadas.		
CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sustentabilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	Analiza, a través do uso de diferentes fontes e formatos, a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo, e os retos actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero. - A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro. - A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español. - España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios. - España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os obxectivos de desenvolvemento sustentable. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, ao asociacionismo e ao voluntariado. - Crecemento económico e sustentable: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais. - A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica. - Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica que utilizaremos será activa e participativa, favorecendo as aprendizaxes significativas e competenciais sobre a Historia de España, entendida como unha evolución complexa e conflitiva ata a sociedade actual. Fundaméntase no traballo individual do alumnado e colaborativo co profesor nas sesións presenciais para que os contidos do libro de texto e os materiais didácticos dispoñibles no curso virtual da materia se convertan en coñecementos aplicables con eficacia á análise de documentos históricos.
Adaptaremos a metodoloxía didáctica ás características de cada grupo de aprendizaxe e, na medida do posible, aos ritmos de aprendizaxe de cada persoa integrante dos mesmos, sempre dentro do marco normativo establecido pola Consellería de Educación para o ensino posobrigatorio de Bacharelato. Por iso as seguintes orientacións metodolóxicas potencian e consolidan as competencias traballadas na ESO, nomeadamente nos seguintes ámbitos específicos:

- A autonomía progresiva do alumnado na procura, análise e interpretación de información sobre cuestións propostas en fontes primarias e secundarias.
- A capacidade de aprendizaxe partindo do seguimento das explicacións da persoa docente apoiada en mapas, presentacións dixitais e outros recursos didácticos, para que o alumnado aplique estratexias de aprendizaxe como a elavboración persoal de sínteses, mapas conceptuais e comentarios de documentos propostos.
- A aprendizaxe funcional na que os coñecementos adquiridos se aplican a situacións reais ou virtuais.
- A lectura comprensiva e a análise rigorosa de documentos (textos, mapas, fotos, imaxes etc), así como a composición de textos propios e exposicións escritas e orais.
- Usar con precisión o vocabulario técnico específico da materia, elaborando textos argumentativos coherentes e rigorosos tanto a nivel oral como escrito. Por iso se penalizaran as faltas de ortografía e o uso impreciso ou errado do vocabulario específico da materia.
- Aplicar instrumentos de autoavaliación para detectar os avances e as dificultades no proceso de aprendizaxe.
- Aplicar as pautas e os estándares establecidos como requisito para o traballo individual do alumnado nos grupos de aprendizaxe de referencia: puntualidade, dedicación, actitude respectuosa e proactiva, rendemento, seguimento das instruccións de traballo da persoa docente, coidado dos materiais didácticos propios e do centro, debida corrección formal.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os obxectivos concretos mínimos de aprendizaxe e os instrumentos de avaliación que se aplicarán. Farase unha breve introdución a cada unidade didáctica activando os coñecementos previos do alumnado. Nas sesións desenvolveranse as actividades e os proxectos propios de cada unidade didáctica e, ao final, un breve resumo ou síntese final deses contidos e procesos traballados que o alumnado deberá rexistrar de forma autógrafa no seu caderno da materia como evidencia da súa participación nesas sesións e da realización das tarefas individuais e grupais indicadas pola persoa docente.
As probas escritas serán avaliadas mediante unha rúbrica e/ou unha lista de cotexo consonte cos obxectivos e criterios de avaliación establecidos. As probas realizaranse sobre os contidos traballados na aula e os que se indicou que o alumnado debía preparar autónomamente co libro de texto, os materiais didácticos do curso virtual e outros recursos indicados pola persoa docente.
O deseño e, sobre todo, a aplicación das probas escritas axustarase formalmente ás características do alumnado para atender ás necesidades de atención educativa específicas pero sin reducción de contidos porque a normativa da Consellería de Educación exclúe adaptacións curriculares en Bacharelato. O tipo de preguntas terá como referente as establecidas polo grupo de traballo da materia Historia de España da CIUG.
As datas de realización das probas escritas de cada avaliación parcial acordaranse co alumnado de cada grupo e nunca se mudarán a posteriori por razóns particulares nin circunstancias sobrevidas. Unha vez correxidas a cualificadas estas probas escritas, revisaranse nunha sesión presencial na aula para que o alumnado coñeza os resultados acadados e as necesidades individuais de mellora.
As probas escritas de recuperación realizaranse, sempre, despois da 1ª e da 2ª avaliación, e só afectarán ás probas cuxa cualificación fora inferior a cinco (5) sobre 10. Nunca se recuperarán probas escritas xa cualificadas con cinco (5) ou máis do aprobado sobre 10.
Como achega ao Plan Lector do centro, proporase a lectura de artigos xornalísticos e obras ensaísticas e de creación literaria relacionadass coa materia, así como o visionado de películas documentais e argumentais.
Como achega ao Plan Dixital, proporase o uso de material audiovisual nas clases expositivas e, sobre todo, utilizaremos nas sesións presenciais oa recursos TIC e audivisuais dispoñibles na aula, ademais do curso virtual aloxado na aula virtual do IES CSA porque estimamos que melloran o proceso de ensino e aprendizaxe.
A materia Historia de España tamén contribúe a outros plans incluídos no Proxecto educativo do centro como o Plan de actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á diversidade ou o

Proxecto Lingüístico de centro, consonte co establecido na Programación Xeral Anual do noso centro de ensino.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Curso virtual aloxado na aula virtual do IES CSA
2º. Libro de texto
3. Material complementario: mapas, películas e libros dispoñibles na biblioteca do IES CSA
4. Portfolio coas producións do alumnado
Outro tipo de materiais

Os principais materiais e recursos didácticos que utilizaremos na implementación da metodoloxía de ensino-aprendizaxe nas sesións presenciais na aula serán:
1º. Curso virtual da materia Historia de España aloxado na aula virtual do IES CSA (https://centros.edu.xunta.gal/iescamposanalberto/aulavirtual/course/view.php?id=80) como repositorio de contidos con presentacións dixitais, recursos audiovisuais (películas argumentais e documentais, grabacións de son, música de significado histórico etc) e tarefas prácticas para o alumnado.
2º. Libro de texto Historia de España de editorial Santillana, edición de 2023, para apoio do alumnado nas sesións presenciais e, sobre todo, na súa preparación autónoma das probas da materia. Trátase dun recurso complementario que non determina a metodoloxía nin a función docente.
3º. Material complementario: elaborado e/ou seleccionado pola persoa docente, acomodarase aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula; dentro deste apartado, incluirase: fichas fotocopiables, materiais impresos e audiovisuais.
4º. Portfolio do alumnado: o alumnado utilizará o seu propio portfolio de traballo, que será revisado e avaliado pola persoa docente antes de cada avaliación para comprobar que realizou correctamente os mapas conceptuais e as tarefas prácticas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Punto de partida
A avaliación inicial resulta de enorme importancia para a persoa docente de cara a coñecer o punto de partida do seu alumnado e poder así tomar as decisións necesarias para contextualizar e optimizar o proceso de ensino e aprendizaxe que se desenvolva. Por ese motivo, debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada unha das alumnas e de cada un dos alumnos que o integran. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.
2. A recollida de información farase desenvolvendo actuacións relacionadas cos seguintes aspectos:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades, manexo de distintos soportes e formatos audiovisuais...
- Características da alumna ou do alumno: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, traxectoria...
- Contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social...

A información recollida procederá da observación da participación do alumnado nas sesións presenciais, as súas preguntas e manifestacións do grao de dificultade para o seguimento do traballo durante as dúas primeiras semanas do curso. Asimesmo, desenvolveremos actividades prácticas que permitan coñecer a súa:
- Comprensión de textos escritos (análise da competencia na lectura).
- Coñecementos básicos dos contidos da Historia de Europa e de España tratados na ESO.
- Competencia para a comunicación correcta, oral e escrita, e o uso da terminoloxía específica desta área de

coñecemento.
- Competencia para elaborar sínteses en esquemas e/ou mapas conceptuais e para a análise e comentario de documentos de todo tipo.
3. Propostas de intervención
Unha vez analizada a información recollida e logo da reunión de avaliación inicial, na que se terán en conta as indicacións recibidas desde o Departamento de orientación do centro, tomaranse as decisión oportunas para mellorar as dinámicas de traballo no grupo-aula e a atención individualizada ás persoas que o integren, tendo presente que ao ser Bacharelato non se contemplan adaptacións curriculares. Porén, a información relevante que fornece a avaliación inicial permite adaptar a metolodoxía aos distintos ritmos de aprendizaxe, establecer novas estratexias de aprendizaxe e realizar actividades de reforzo que melloren a calidade das aprendizaxes do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**5**	**10**	**10**	**5**	**5**	**10**
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	**UD 8**	**UD 9**	**UD 10**	**UD 11**	**UD 12**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**100**
Proba escrita	75	70	60	70	70	**74**
Táboa de indicadores	25	30	40	30	30	**26**

Criterios de cualificación:

En cada trimestre o alumnado traballará un número de unidades didácticas concretadas no elemento 3.1 desta programación didáctica, cos criterios de avaliación (xunto cos seus mínimos) e os pesos orientativos atribuídos tal e como se determina nos elementos 3.2 e 3.3. E acadará unha valoración para cada unha desas unidades didácticas.
A cualificación do trimestre resultará de sumar á nota media das dúas probas escritas que realizará o alumnado sobre os contidos das unidades didácticas traballadas nesa avaliación e que suporá o 80% da cualificación, coa nota do desempeño do alumnado nas sesións presenciais (ata 10%) e as súas producións individuais (10%).
Proporanse tarefas prácticas en todas as unidades didácticas partindo das xa dispoñibles no curso virtual da materia que o alumnado deberá realizar seguindo as indicacións e orientacións da persoa docente. Poderanse recoller algunhas desas tarefas para utilizalas como instrumento de cualificación dentro do 10% correspondente ás producións individuais do alumnado.
Ao principio de cada trimestre acordarase co alumnado as datas de realización das probas escritas correspondentes a esa avaliación e informaráselle sobre a estrutura das mesmas. Non se cambiarán as datas xa establecidas para a realización das probas escritas.
As cualificacións correspondentes ás avaliacións parciais non terán ningún tipo de redondeo de decimais, considerando negativas as inferiores a 5 (cinco) sobre 10 e aprobado un resultado igual ou superior a 5 tal como establece o apartado c) do punto 3, dedicado á expresión dos resultados de avaliación nos documentos de avaliación, na pax. 35756 do DOG 116 do 23 de xuño de 2026 no que se publica a resolución do 11 de xuño de 2026 da

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas en educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato de réxime ordinario no curso académico 2026/27. Por iso, durante a 1ª e a 2ª avaliación as cualificacións inferiores a 5 figurarán nos boletíns informativos como suspenso co número enteiro correspondente. Exemplo: un 4,75 aparecerá como 4 neses boletíns informativos.
As cualificacións medias para a cualificación ordinaria calcularanse, sempre sobre as cualificacións exactas acadadas en cada avaliación, cun peso do 33,33% sobre o total, e aplicarase, despois, un redondeo ao número enteiro seguinte cando os decimais sexan iguais ou superiores a 75 centésimas, mantendose o número enteiro no resto dos casos. Exemplo: un 4.75 redondearase a 5 (aprobado) só na avaliación ordinaria e na extraordinaria mentres que un 4,5 manterase como suspenso. Do mesmo xeito, un 8,75 será un 9 na avaliación ordinaria. A cualificación da avaliación extraordinaria será o resultado da proba escrita que se estableza a tal efecto aplicando o mesmo redondeo establecido para a avaliación ordinaria.

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación ao longo dos trimestres:
O alumnado recuperará só as probas escritas nas que tivese unha cualificación inferior a 5 (sobre 10) con independencia do resultado que acadara na avaliación correspondente. Nunca recuperará as probas escritas nas que acadou unha cualificación positiva igual ou superior a 5. Esas probas de recuperación realizaranse, sempre, despois da avaliación e do envío dos boletíns informativos ás familias. A cualificación que acade na proba escrita de recuperación fará media coas outras probas escritas que xa superara nesa avaliación.
O deseño destas probas será semellante ao das realizadas e corresponderase, sempre, cos contidos traballados e coas metodoloxías aplicadas nas sesións presenciais. Por suposto, aplicaranse os mesmos criterios de avaliación tendo como referentes os mínimos de consecución da materia establecidos nesta programación didáctica.
Non se realizará unha proba de recuperación final da materia posto que o alumnado xa tivo a oportunidade de recuperar cada proba escrita con resultados inferiores a 5 despois das avaliacións parciais. A a persoa docente calculará a cualificación definitiva de cada trimestre, tendo en conta os resultados desas probas de recuperación. Coas cualificacións exactas de cada trimestre calculará a correspondente á avaliación ordinaria aplicando o redondeo para as que superen as 75 centésimas.
Ao final do trimestre, a persoa docente remitirá un informe individualizado á persoa titora indicando os resultados, os progresos e as dificultades no proceso de aprendizaxe desta materia para que dispoña del na xunta de avaliación e faga constar o que estime ás familias desas alumnas e alumnos.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade, tal e como se concretan desde este Departamento, son actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta ás necesidade educativas do alumnado consonte coa normativa da Consellería de Educación.
Na avaliación previa, e en coordinación coa xunta de avaliación do alumnado e o Departamento de orientación, desenvolveranse as seguintes medidas no caso de ser precisas:
As medidas ordinarias destinadas a facilitar o axeitamento do currículum sen alteracións significativas de obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Dan resposta ás diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Nomeadamente as seguintes:
- Unha avaliación frecuente que comece a efectuarse, como é preceptivo, no mesmo inicio do curso, como medida de concreción da diversidade.
- Unha organización do curso, a partir da concreción dos niveis de diversidade, na que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente á materia e as súas esixencias. Deste xeito, o alumnado convértese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
- Unha atención paralela que permita proporcionar actividades motivadoras que supoñan un maior desafío na busca de información e establezan novos horizontes temáticos e novas conexións entre os contidos, como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madureza intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, co obxectivo adicional de fomentar a colaboración coas tarefas docentes en beneficio do resto do alumnado.
- Como medida de atención ao alumnado que manifeste dificultades, recibirán unha atención individual segundo as súas dificultades: se radican na comprensión teórica, a persoa docente presentará material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos; se as dificultades están nas actividades prácticas, a persoa docente aumentará o grao de colaboración na escolla do material e na preparación e/ou exposición desas actividades.
- Como medida de atención ao alumnado que se incorpore ao curso unha vez comezado, analizarase cada situación

individual con base nos informes da titoría e o Departamento de orientación. En función deses informes proponse unha avaliación individualizada e exhaustiva, a través dunha entrevista persoal, para determinar o grao de competencia tanto nos contidos como nas técnicas usadas na materia. Deseguido, a persoa docente informará ao alumnado implicado, a partir da programación oficial, de todos os aspectos da materia que sexan relevantes. Despois de todo isto, o alumnado implicado atenderase segundo as medidas que se detallan nos aliñados anteriores.
As medidas extraordinarias están destinadas a atender as necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículum ou da organización do proceso de ensino e aprendizaxe. Serán aplicadas cando as medidas ordinarias de atención á diversidade sexan insuficientes. Aplicaranse en casos nos que as barreiras para conseguir os obxectivos da aprendizaxe sexan extraordinarias, casos que oficialmente se protocolarizan como necesidades educativas especiais (NEE) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
Nestes casos, a persoa docente coordinarase co profesorado titor, o Departamento de orientación e a xefatura de estudos, para: elaborar unha proposta de actividades educativas empregando medios precisos para a entrega, seguimiento e avaliación; adoptar medidas que promovan a inclusión; e planificar e desenvolver as actuacións destinadas ao axuste no proceso de ensino e aprendizaxe.
Durante o proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporanse medidas de reforzo individualizadas para o alumnado implicado.
A parte da atención especial durante o proceso de aprendizaxe, para o alumnado NEE ou NEAE serán deseñadas probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. En todo caso, sempre terán como finalidade potenciar o espírito crítico e a autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X						
ET.4 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O espírito científico	X	X						
ET.8 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade						X		
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación emocional								
ET.12 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual								
ET.14 - A comunicación audiovisual								X
ET.15 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - O emprendemento social e empresarial				X		X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.3 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero		X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.5 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X
ET.6 - A comprensión da lectura	X	X	X	X
ET.7 - O espírito científico	X	X	X	X
ET.8 - O espírito crítico	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X			X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X
ET.11 - A educación emocional	X	X		X
ET.12 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X
ET.13 - A realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual		X	X	X
ET.14 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.15 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.16 - O emprendemento social e empresarial				X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única materia senón que cómpre traballalos desde todas elas.
Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato en Galicia:
- Elementos transversais que se deben tratar en todas as materias da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 11.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen desde o aliñado 12.
Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas procurando incluir no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña desas temáticas específicas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Escenarios históricos	Participación en roteiros guiados pola persoa docente ou expertas	X	X	X
A historia de España a través do cinema	Visionado de películas de temática histórica en horario extraescolar	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensudas nas reunións do departamento didáctico de Xeografía e Historia e deseñadas para mellorar a calidade das aprendizaxes do alumnado con esas saídas didácticas na contorna, en escenarios históricos de relevancia ou en espazos museísticos específicos.
A implementación destas actividades require dunha fases previa de preparación, unha segunda de realización da mesma e unha final de avaliación para comprobar os coñecementos acadados polo alumnado que participou nesa actividade.
A participación nas mesmas será voluntaria cando implique un custo económico ou se realicen en horario extraescolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalíase e cualifícase segundo o establecido na programación didáctica.
Revísase de forma periódica o desenvolvemento da programación e que esta se cumpra.
Adecúanse todos os elementos do proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado.
Metodoloxía empregada
As sesións están planificadas pero poden modificarse atendendo ás necesidades ou intereses do alumnado.
O profesorado adecúase na súa metodoloxía ás unidades didácticas e as circunstancias específicas.
Promóvense hábitos de traballo colaborativos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse materiais diversos e propóñense actividades tamén diversas e máis creativas.
Medidas de atención á diversidade
Aplícanse os protocolos establecidos no centro e metodoloxías flexibles a cada caso concreto.

Clima de traballo na aula
Conséguese motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras.
Foméntase un bo clima de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aténdese e úsanse as canles de comunicación establecidas polo centro coas familias.
Respóndese con dilixencia á solicitude de informes por parte da persoa titora e do equipo directivo.

Descrición:

A mellora na calidade das aprendizaxes require dunha avaliación continua que permita axustar o proceso de ensino e aprendizaxe que se programe. Esta avaliación deberá detectar necesidades de mellora e procurar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento. Por iso promomos certos aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe xunto cuns indicadores, que a persoa docente pode avaliar escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, como observador externo... ou ben comparar a experiencia coa doutras persoas ensinantes.
A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación, así como das posibles modificacións ou propostas de mellora, nas correspondentes actas mensuais de departamento. Ademais, a na medida do posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluirán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.
Realizarase unha enquisa de avaliación trimestral ao alumnado que incluirá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación incorporaranse á memoria final do departamento. As cuestións requeridas deberán fornecer información sobre a percepción do alumnado en relación cos seguintes aspectos concretos:
- A temporalización da programación e das unidades didácticas: Mediante unha listaxe de control reflectirase se a temporalización foi axustada e houbo tempo de desenvolver tanto as unidades didácticas como a programación xeral.
- O deseño e desenvolvemento das unidades didácticas: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse dous instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo; e unha reflexión persoal da persoa docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.
- O uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases: Mediante unha listaxe de incidencias controlarase e valorarase o uso do material recollendo aspectos como o uso e o abuso do material por grupo, material que precisa cambio ou renovación, material desaparecido ou inutilizado...
- Os mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe: Mensualmente no departamento didáctico analizarase o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade de cara a realizar os axustes necesarios.
- O rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe: Análise dos resultados obtidos na avaliación final (Podería empregarse un criterio de control porcentual: por exemplo, o 80% do alumnado supera a materia.
- A motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, mediante a reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.
- A información ao alumnado e as familias da programación: Mediante unha listaxe de control avaliarase se alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro; ademais, controlarase se o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso no relativo ao desenvolvemento desta programación didáctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica é indispensable para avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe que se leve a cabo (procedementos, actividades e resultados acadados polo alumnado) para reflexionar acerca das posibles propostas de mellora e así facer as modificacións que se consideren oportunas. Dito seguimento realizarase a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade diaria (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou se hai que realizar algunha modificación). Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:
1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre:
- As unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- As propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Analizaranse as dificultades atopadas por parte do alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).
3. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores.
4. Os instrumentos que se empreguen para achegarse á información serán variados, entre os que poderán estar: folla de rexistro (onde anotar os aspectos máis cuantificables), diario de aula, rúbrica de autoavaliación (que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos), estatísticas de resultados e cuestionarios e enquisas ao alumnado
A información que se obteña incluirase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento que sexan susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados

1. Interdisciplinaridade con outras materias do curso

Non se contemplaron outros apartados nesta PD, mais queremos recoller a predisposicion a colaborar dun xeito interdisciplinar, en actividades didácticas puntuais con outras materias do mesmo curso para mellorar as aprendizaxes competenciais do alumnado.